

TODOS Á MANIFESTACIÓN O DÍA 6 E DESPOIS, CONTINUA-LA LOITA SEN OS EMPRESARIOS NIN O PP

A perspectiva de fin da carga de traballo obríganos a loitar. Estamos levando a cabo un calendario de mobilizacións e os marxistas chamamos a tódolos traballadores a participar masivamente nas mesmas e a acudir á manifestación do domingo 6. Pero despois do día 6 a loita debe continuar cambiando dous aspectos fundamentais: estratexia e métodos.

¿Que pasa co outro emprego?

Estamos loitando pola carga de traballo para defende-lo emprego. Pero ese emprego que temos que defender non só é o emprego futuro. Aquí e agora xa hai outro emprego que defender: o que se está perdendo nas compañías auxiliares, que xa empezaron a despedir xente, aínda que sexa a contagotas. Non se pode repetir o da carga de traballo, os dirixentes sindicais non poden esperar a que o problema estea encima para empezar a facer algo, teñen que ter máis iniciativa. Se somos coherentes, ademais do dique hai que incluír nas nosas reivindicacións a defensa de tódolos postos de traballo.

Durante os anos de vacas gordas, os empresarios das compañías (de fóra ou da comarca) amasaron beneficios millonarios gracias ós seus traballadores. Agora que prevén que eses beneficios van desaparecer ou simplemente diminuír, llelo agradecen despedindo ás primeiras de cambio. E por riba aínda pretenden que os comprendamos porque “se non hai traballo, loxicamente non se poden mante-los empregos”.

Pois xustamente iso é o que hai que esixir-lles: se teñen tanto amor pola comarca como declaran, que o demostren destinando unha pequena parte das súas fortunas a conservar uns postos de traballo que significan benestar para milleiros de veciños de Ferrolterra, mentres exercen de empresarios e buscan contratos, en vez de parasita-la empresa pública á que despois tanto denigran. E tamén hai que reivindicar a creación dunha bolsa de traballo que regule as contratacións e poña así límites ós abusos e ás listas negras da patronal.

Evidentemente, son reivindicacións que os empresarios non van asumir voluntariamente. Polo

tanto, a loita en defensa do emprego é unha loita contra eles e o seu brazo político, o PP. Por iso o enfoque interclasista, de unidade de toda a sociedade ferrolá, que os comités de empresa lle están dando á mobilización é un erro.

Por unha estratexia de clase

Para obte-las nosas reivindicacións necesitamos unha **estratexia propia baseada na unidade de clase e na loita obreira independente.**

Esa unidade de clase debe empezar por nós mesmos. Como explicou un compañeiro de El Militante que falou na asemblea da praza de Armas o día da visita do conselleiro, para os marxistas é unha contradición que os mesmos dirixentes sindicais que defenden a confluencia cos empresarios e a dereita na manifestación do día 6, manteñan divididos ós traballadores dentro das murallas e traten a unha parte dos traballadores como se fosen traballadores de segunda. Esta situación debilítanos e debe ser resolta conformando dentro das murallas un **único movemento obreiro.** Isto non é un convenio, é unha loita polo futuro de todos e todos debemos estar en pe de igualdade. Manter esta situación é tirar pedras contra o noso propio tellado.

Do mesmo xeito, o aumento do nivel de organización dos traballadores subcontratados só pode redundar en beneficio dos intereses de todos. A organización é fundamental para que a forza potencial se converta en forza real. Neste sentido, faise necesaria unha **coordinadora de compañías.**

Pero a unidade de clase ten que ir máis aló. A situación de Navantia ou de Ferrolterra está totalmente condicionada pola crise gravísima da economía capitalista. Non vai haber solucións empresa a empresa ou comarca a comarca; o problema é global e só ten unha solución global, que pasa por cambia-las prioridades da política económica, que, a aplique a dereita ou a socialdemocracia, na actualidade defende exclusivamente os intereses dos empresarios. Para conseguir ese cambio (que non é o cambio que promete o PP se gaña as eleccións, que será a peor) é necesario que toda a clase obrei-

ra nos levantemos. Por iso, en vez de confluír cos empresarios, con quen debemos confluír é co resto dos traballadores, que sufren os mesmos problemas ca nós, empezando polos compañeiros do sector naval de Vigo, que tamén están en loita.

Outro aspecto no que hai que tomar medidas é o das **horas extras**, que hai que cortar dunha vez.

Por uns métodos assemblearios

O outro cambio necesario é nos métodos. En primeiro lugar, fai falta moita máis información. Un exemplo disto tivémolo a semana pasada, cando moita xente se preguntaba se o mércores había ou non mobilización. É verdade que os comités de empresa situaron os mércores só como día de referencia, pero se por calquera motivo un mércores non hai mobilización, os traballadores non nos podemos enterar pola prensa burguesa. Unha loita como esta esixe unha **información permanente** ós traballadores. Neste sentido, ademais de notas informativas nos tablóns, o comité de empresa debe celebrar periodicamente rondas de asembleas parciais, que son as máis participativas e nas que os traballadores poden opinar máis facilmente.

Outro aspecto a mellorar e a participación dos traballadores na toma de decisións.

¿Foi correcto ir a Fene en bus? Na nosa opinión, non. O principal obxectivo dunha mobilización na rúa é darlle proxección pública. O importante non era a entrevista co alcalde de Fene (que ademais é do PP), senón a repercusión do desprazamento. Unha marcha a pé polas Pías ten moita máis repercusión que un viaxe en bus como se fóssemos señoritos. É en favor do bus non se pode argumentar evitarlles molestias ós automobilistas posto que hai outra ponte para cruza-la ría. Se esta decisión chega a ser tomada por todos, probablemente teríamos aforrado uns cantos euros, posto que un sector moi amplo das plantillas non compartía esa decisión do comité de empresa.

Como tamén debeu ser tomada por todos a decisión de manter ou non a manifestación prevista en Santiago para o día 19. Desde o noso punto de vista, o obxectivo do PP foi evitar unha manifestación nesa cidade, que obviamente ten máis repercusión pública que en Ferrol. E non só conseguíu evitala, senón que o conselleiro e o alcalde

aproveitaron para facer campaña electoral, como se demostrou só dous días despois (venres 21), cando o PP rexeitou no Parlamento galego unha proposición do BNG para compromete-lo financiamento do 50% do dique.

Agora polo menos parece que os representantes sindicais xa se decataron de que imos ter ó PP enfrente, e nas asembleas do venres da semana pasada anunciaron que as mobilizacións irán dirixidas contra os dous partidos con responsabilidades de goberno. É positivo, pero estes bandazos diminuirían cunha participación real dos traballadores na toma de decisións.

É a hora de loitar

A loita polo noso futuro está empezando. Lamentablemente, as perspectivas económicas son moi sombrías e os ataques van arreciar, sobre todo se o 20 de novembro gaña o PP, que fala de recorta-lo seguro de desemprego, de rematar coa negociación colectiva e baixar salarios, que nas súas autonomías xa está lanzando un ataque brutal contra a sanidade e o ensino públicos... Un sector da patronal pide incluso recorta-lo dereito de folga. Queren facer desaparecer tódolos dereitos conquistados pola clase obreira nunha loita de décadas, queren unha escravitude capitalista onde o único dereito que nos quede ós traballadores sexa o dereito a calar. Coste o que coste, non podemos consentilo.

Os empresarios téñeno claro, e pedirilles que cambien de actitude só vai servir para que nos desprezen e aumenten os seus ataques. O que temos que facer é organizarnos para resistir e devolver golpe por golpe. Temos que prepararnos para unha guerra de clases que xa empezou. E nesa guerra, as nosas únicas armas son as **ideas políticas**, a **organización** e a **mobilización**. Necesitamos pensar por nós mesmos, temos que deixar de ve-lo mundo desde a óptica deles, empezando por comprender que, como explicou Marx, **mentres os beneficios empresariais sexan o salario non pagado ós traballadores, os nosos intereses e os seus son absolutamente incompatibles en todo momento e lugar sen excepción**. As únicas ideas que nos poden proporcionar esta independencia son as mesmas que permitiron as grandes conquistas do pasado: **as ideas revolucionarias do marxismo**.

A LIBRERIA MARXISTA

Pontevedra, 18 · Ferrol

Luns: 18:00 a 20:00 h. // Sábados: 11:00 a 13:00 h.